

"DEPOEMPRENDE NA ESO" 2023-2024

"DepoEmprende na ESO"



É un proxecto educativo dirixido aos centros sostidos con fondos públicos que imparten Educación Secundaria Obrigatoria na provincia de Pontevedra



A finalidade é promover a cultura emprendedora no alumnado de 4.º da ESO, preferentemente aquel que estude as materias de Iniciativa á Actividade Emprendedora e Empresarial, Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional ou similares



O alumnado adquire competencias profesionais relacionadas coa autonomía, a iniciativa e o espírito emprendedor, mentres se poñen en práctica capacidades para a negociación, a toma de decisión e a resolución de conflitos



O proxecto promove a adquisición das competencias clave e o coñecemento do mercado laboral, favorece a autoorientación e ofrece unha visión do autoemprego como oportunidade de inserción laboral para o futuro


Metodoloxía



O alumnado crea unha empresa, toma decisións sobre o seu funcionamento e xestiona e planifica a súa posta en marcha



Durante o curso escolar participa en diferentes actividades dentro e fóra do centro, desenvolve accións relacionadas coa empresa e leva a cabo un proceso de distribución de produtos en colaboración con outras entidades




A finais de curso o alumnado vende os produtos no mercado da súa localidade ou no mercado conxunto que organiza a Deputación de Pontevedra para todos os centros participantes



Finalmente, aprende a xestionar os beneficios obtidos e destina parte deles a accións sociais do seu interese

Recursos



Formación ao profesorado, con certificación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o profesorado vinculado ao corpo de docentes do ámbito de xestión desta



Material didáctico para traballar o emprendemento e xestionar as cooperativas na aula



Lista de empresas proveedoras



Portal educativo para compartir contidos con outros centros participantes



Actividades e xornadas dentro e fóra dos centros educativos




Servizo de asesoramento e titorización



Ferramentas de avaliación

Temporalización



O prazo de inscrición comezará o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e finalizará o 29 de setembro de 2023



O proxecto desenvolverase durante o curso escolar



"DepoEmprende na ESO" finalizará coa realización do mercado conxunto, que terá lugar nos últimos meses do curso escolar